



Acordo de colaboración coa Federación de ANPAS de
Ourense

Xeitura: Xestión Integral do Patrimonio Cultural
Bilurico Medio Ambiente-Bilurico Bike

Xaneiro de 2014

Actividades ofertadas

As actividades ofertadas polas dúas empresas son actividades dirixidas tanto ao público escolar como ao público xeral, nos eidos da cultura e do medio ambiente. Tamén poden ser actividades puntuais ou programas completos de actividades extraescolares.

A continuación aclárase nunha listaxe o tipo de actividades (para mais concreción consultar o programa de exemplo dunha actividade extraescolar e a guía didáctica que se adxuntan):

SERVIZOS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS DE XEITURA: XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO CULTURAL S.COOP.GAL.

Visitas guiadas

- **O val da morte.** Ruta guiada ao conxunto megalítico do Val do Salas.
- **Castros de Cualedro.** Visita guiada aos castros de A Saceda e San Millao, no concello de Cualedro.
- **Conxunto arqueolóxico e natural de Santomé.** Visita guiada ao castro e vila romana de Santomé, no concello de Ourense.
- **Torres e castelos.** Ruta guiada polas torres da Limia.
- **As mansións da Via Nova.** Visitas interpretativas aos xacementos arqueolóxicos de Aquis Originis – Ogeresibus (Lobios) e Aquis Querquennis (Bande).

Talleres

- **Arqueoloxía.** Unha introdución á metodoloxía científica. Permite adquirir unha grande comprensión do método científico aplicado en Arqueoloxía, reforzado pola súa posta en práctica e empregando obxectos (réplicas) que tradicionalmente só poden ser vistos a través dun cristal.
- **Que chegan os cavernícolas! Achegamento á Prehistoria.** Un achegamento dos máis cativos á evolución do tempo e ao modo de vida dos antepasados coa elaboración de diferentes manualidades.
- **Os segredos dos xeroglíficos.** Introdución á cultura exipcia por medio da escrita, achegando os ritos, as crenzas e os modos de vida mediante a práctica da súa escrita.
- **tesela+tesela+tesela= mosaico.** Achegamento ao modo de construción romano, tomando como exemplos os restos conservados en Galicia, especialmente os mosaicos.

- **A luz do medievo.** Achegamento ás técnicas paleográficas para comprender a evolución da escritura ao longo do tempo, así como a existencia de diferentes tipoloxías.
- **As figuras... vermellas ou negras?** Introducción á evolución da produción cerámica e a súa importancia en arqueoloxía. Técnicas, tipoloxías e decoracións.
- **Arte medieval: do Románico ao Gótico.** Achegamento a través das técnicas constructivas de cada época. Permite adquirir unha grande comprensión do método científico aplicado en Arqueoloxía, reforzado pola súa posta en práctica e empregando obxectos (réplicas) que tradicionalmente só poden ser vistos a través dun cristal.
- **ExpresARTE.** Permite achegar aos máis pequenos coñecementos sobre a Historia da Arte dende prácticas creativas, abordando contidos históricos relacionados co facer plástico.
- **Experimenta conCIENCIA.** Experimentos sinxelos seleccionados para que poder comprender a importancia dalgúns avances históricos realizados por científicos como Galileo Galilei, Newton, Einstein...

Itinerarios interpretativos

- Muíños do Arnoia - Reserva da Biosfera Área de Allariz.
- Roteiro Arqueolóxico por Armea (Santa Mariña Augas Santas, Allariz).
- As orixes da cidade de Ourense.

SERVIZOS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS DE BILURICO MÉDIO AMBIENTE

Actividades educativas e obradoiros

- **Obradoiros de reciclaxe:** Actividade na que se realizan obradoiros con materiais que tiñan o seu destino no lixo.
- **Os Bosques e o papel reciclado:** Actividade para concienciar sobre a importancia da reciclaxe ao tempo que faise un obradoiro de manualidades.
- **O río e a depuración das augas:** Actividade para coñecer a importancia dos ecosistemas acuáticos e a importancia da depuración das augas.

- **Obradoiro de ornitología e caixas niño:** Un achegamento ao mundo das aves, a través do seu estudo, observación e realización de obradoiros de móbiles, comedeiros e caixas-niño.
- **Descubriendo a flora e fauna do bosque:** Coñecemento da flora e fauna mais relevante e as súas características

Rutas ciclointerpretativas

Rutas en bicicleta de baixa intensidade e aptas para casi todo o público. Nas rutas fanse paradas interpretativas e tamén nalgunhas combínase unha visita a bodega, museo, etc. A empresa proporciona as bicicletas con casco e alforxas e tamén prismáticos para os participantes. A día de hoxe ofertamos as seguintes rutas:

- **Ruta Cicloint. Del Miño (Ourense)**
- **Ourense en Bici:** actividade conxunta con Xeitura/Xestión integral do Patrimonio Cultural na que combinamos Natureza e cultura para unha visita de todo o día a Ourense. Se visita o Castro de Santomé, a zona vella, o río e se remata no Balneario de Outariz.
- **Ruta Cicloint. A Lagoa de Antela (A Limia)**
- **Ruta Cicloint. Veigas y Fírbeda (A Limia)**
- **Ruta Cicloint. de Baltar (A Limia)**
- **Ruta Cicloint. do Invernadeiro (P.Natural Invernadeiro)**
- **Ruta Cicloint. Entre viñedos e Castelos (Verín)**
- **Ruta Cicloint. Manantiales e o Támega (Verín)**
- **Ruta Cicloint. do Támega (Verín)**
- **Ruta Cicloint. O Cabe e o viño (Monforte)**

Rutas interpretativas a pie

Rutas de dificultade media (10-18 km) en espacios naturais e lugares con interese ambiental. Nestas rutas expícanse os aspectos mais relevantes sobre a natureza do lugar. A día de hoxe ofertamos as seguintes rutas:

- **Ruta ao Teixadal de Casaio (Peña Trevinca)**
- **Ruta do Lonia e Santomé (Ourense)**
- **Ruta da Devesa de Rogueira (O Courel)**
- **Ruta das Médulas (O Bierzo)**
- **Ruta da Lastra (Rubiá)**
- **Ruta do Val Glaciar de Prada (Manzaneda)**
- **Ruta do Val do Navea (San Xoan de Río-Trives)**
- **Ruta de Ponteliñares e o Fírbeda (A Limia)**
- **Ruta da Corga da Fecha e a Vía Nova (Xurés)**

Rutas guiadas na natureza

Diseñamos, xestionamos e guiamos **calquera tipo de ruta** en calquera lugar da provincia de Ourense e próximos, de un día ou varios días de duración, para grupos e tamén coa opción de xestionar transporte e aloxamento.

Formación

- **Curso de micoloxía**
- **Curso de ornitloxía e caixas niño**
- **Curso de cestería en papel**
- **Curso de Interpretación do Patrimonio** (Xunto con Xeitura)
- **Charlas e diferentes cursos en temática ambiental**

Mais información sobre estas actividades en: www.bilurico.com

Puntos do acordo

1. O **período de validez** deste acordo, establécese durante o curso académico 2014-2015, renovable no caso de que as partes incluídas estean de acordo.

2. Actividades puntuais:

- O **prezo** destas actividades para a FAPA será de un 10 % mais barato sobre a tarificación normal das actividades, sen contar o IVE e co desprazamento a maiores (**0,20 €/kilómetro**).
- Establécese unha **plaza gratuita** (becada) por cada 10 participantes para a FAPA.
- Para estas actividades avisarase, como moito tardar, unha semana antes da realización da mesma. A actividade poderase suspender ou aplazar, avisando ata 2 días antes da data da mesma.
- Para a **reserva** destas actividades, deberá abonarse o 50 % do coste da mesma, abonando o resto no momento de realizar a actividade ou despois.
- En caso de ser necesario, o **local** ou aula onde se realizará a actividade **correrá por conta do promotor**.
- A **cartelería, difusión** da actividade corre **por conta do promotor**. Aínda que de solicitalo pode ser realizada pola organización.
- O **servicio de transporte**, no caso de ser necesario, corre **por conta do promotor**. Aínda que de solicitalo pode ser realizado pola organización.

3. Actividades extraescolares:

- O **prezo** destas actividades para á FAPA será de 12 € por participante no concello de Ourense, 15 € para un radio de 60 quilómetros e de 20 € para zonas

mais alonxadas. Para todos os casos, o prezo de matrícula e material é de 20 € por participante. Estes prezos inclúen IVA.

- O **número mínimo** de participantes para estas actividades será de 5 para o Concello de Ourense e de 10 noutras zonas.
- Establécese unha **plaza gratuita (becada)** por cada 8 participantes para á FAPA.
- **O local** ou aula onde se realizará o obradoiro **corre por conta do promotor**.
- Todos os participantes e os seus responsables deben encher obrigatoriamente unha **folia de inscrición e as autorizacións** necesarias. De non facelo non poderán realizar a actividade.

Para que así conste, asinan o presente acordo de colaboración os representantes das partes implicadas, que abaixo se indican:

Asdo: Martiño Xosé Vázquez Mato

Asdo: Raúl Fernández González

Responsable Xeitura: Xestión do Patrimonio Cultural

Responsable Bilurico Medio Ambiente

Asdo: José Antonio Álvarez Caride

Presidente da Federación de ANPAS de Ourense

Ourense, 12 de xaneiro de 2015